

RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA QUE AMPLÍA AS DATAS AUTORIZADAS PARA A EXTRACCIÓN DE PERCEBE EN BANCOS DO ÁMBITO DO PLAN DE XESTIÓN DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE MUXÍA DURANTE O MES DE XANEIRO

ANTECEDENTES

1. O 28.12.2021 autorízase a extracción de percebe á confraría de pescadores de Muxía durante o mes de xaneiro.
2. O 5.1.2022 ás 13.58 horas, a confraría de pescadores de Muxía comunica a anulación do día 7 de xaneiro e solicita autorización para a dita extracción de percebe durante o día 24 de xaneiro nas mesmas zonas e condicións da resolución de apertura.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Tense en conta a seguinte normativa:
 - O Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - O Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas.
 - Orde do 22 de decembro de 2021, pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024.
- Recíbense os seguintes informes:
 - Informes da bióloga de zona do 20.12.2021 e do 7.1.2022.
 - Informe favorable do INTECMAR (Instituto tecnolóxico para o control do medio mariño) do 27.12.2021.

En todo caso esta apertura está condicionada ao estado das zonas de produción da área de traballo que corresponda a este plan de xestión e que o INTECMAR publica na súa páxina web <http://www.intecmar.gal>, no apartado *INFORMACIÓN DO ESTADO DAS ZONAS DE PRODUCCIÓN*.

Esta xefatura territorial é o órgano competente para resolver segundo o artigo 20.1 do Decreto 153/2019 do 21 de novembro.

Tendo en conta todo o anterior RESOLVO:





Ampliar as datas autorizadas para a extracción de percebe en bancos do ámbito do plan de xestión da confraría de pescadores de Muxía AUTORIZANDO o día 24 de xaneiro nas mesmas zonas e condicións recollidas na resolución de apertura do 28.12.2021.

Polo tanto, o apartado *Datas* quedará a partir do día de hoxe como se recolle a continuación:

Datas: 17,18,19,20,21,24 e 31 de xaneiro.

En caso de que de xeito extraordinario a entidade xestora do plan comunique a anulación da xornada antes da baixamar, o día de traballo quedará anulado a todos os efectos. Dita comunicación ademais, deberá ser enviada á Subdirección Xeral de Gardacostas ao correo pesca.sala.operacions@xunta.gal e a base de Muxía a javier.pineiro.pouso@xunta.gal.

O resto dos puntos da resolución de apertura permanecerán sen variación debéndose respectar na súa totalidade.

As solicitudes de apertura, así como calquera outro asunto relativo á resolución de apertura (modificacións das zonas de extracción ou datas, anulacións, etc), enviaranse a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, mediante presentación electrónica.

Contra esta resolución que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo dun mes contado dende o día seguinte á notificación ou publicación desta resolución, segundo dispón a Lei 39/2015, do 1 de outubro, nos seus artigos 30, 121 e 122 (sección 2ª do capítulo II).

Mediante este documento notifícaselle á confraría de pescadores de Muxía esta resolución, segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

